

## CONTINUACIÓN DA TRAMITACIÓN DOS PROCEDEMENTOS DAS CONVOCATORIAS DE I+D ABERTAS

### Resolución reitoral do 22 de maio de 2020 pola que se establece a continuación da tramitación dos procedementos das convocatorias de I+D abertas, para a contratación de persoal investigador e de apoio á investigación

De conformidade coa Disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, esta Universidade acordou, por Resolución reitoral do 16 de marzo de 2020, suspender os termos e interromper todos os prazos administrativos dos procedementos, entre outros, de selección, provisión e de adxudicación de contratos abertos nese momento na Universidade de Santiago de Compostela.

Por outra parte a Disposición adicional terceira do Real Decreto que establece o estado de alarma (versión consolidada) recolle no punto 4 que *las entidades del sector público podrán acordar motivadamente la continuación de aquellos procedimientos administrativos que ... sean indispensables para la protección del interés general o para el funcionamiento de los servicios.*

Á vista das sucesivas extensións do estado de alarma dende a súa declaración o pasado 14 de marzo e tendo en conta a urxente e necesaria provisión de recursos humanos para a continuidade da investigación en actividades e programas de I+D+i que foi interrompida pola declaración do estado de alarma, no uso das competencias delegadas pola Resolución do 30 de abril de 2020 (DOG de 11 maio)

A Vicerreitoría de Investigación e Innovación **RESOLVE:**

Primeiro. Autorizar a continuación da tramitación dos procedementos relativos aos concursos públicos de méritos para a contratación de persoal investigador e de apoio á investigación das seguintes convocatorias de I+D abertas no momento da suspensión dos prazos administrativos:

a) **Convocatoria Nº 3/2020.** Reabrir prazo de presentación de solicitudes

*Resolución 3/2020 do 10 de marzo de 2020, da Universidade de Santiago de Compostela, pola que se convoca concurso público de méritos, para a contratación de persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+i, que figuran no anexo da Resolución, a través do procedemento de contratación ordinaria (publicada 10 de marzo de 2020).*

O punto 4 da convocatoria establece a presentación de solicitudes de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria. O prazo inicial de presentación de solicitudes que finalizaba o 17 de marzo, quedou interrompido pola declaración do estado de alarma do 14 de marzo, polo que **se reabre o prazo de presentación de solicitudes a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución durante os 2 días hábiles** que restaban para rematar o prazo.

b) **Convocatoria Nº 4/2020\_I.** Reabrir prazo de presentación de solicitudes

*Resolución 4/2020\_I do 10 de marzo de 2020, da Universidade de Santiago de Compostela, pola que se convoca concurso público de méritos, para a contratación de persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+i, que figuran no anexo da Resolución, a través do procedemento de contratación ordinaria con carácter internacional (publicada 10 de marzo de 2020).*

O punto 4 da convocatoria establece a presentación de solicitudes de 1 mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria. O prazo inicial de presentación de solicitudes que finalizaba o 11 de abril, quedou interrompido pola declaración do estado de alarma do 14 de marzo, polo que **se reabre o prazo de presentación de solicitudes a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución durante os 29 días naturais** que restaban para rematar o prazo.

Segundo. Ordenar a publicación desta resolución na sede electrónica da USC. En virtude do previsto no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, esta publicación surtirá todos os efectos de notificación practicada.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte a súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2 a) da Lei da Xurisdición contencioso-administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Esta Resolución entrará en vigor ao día seguinte so da súa publicación no taboleiro electrónico da USC

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2020  
Por delegación do Reitor  
(Resolución do 30/04/2020, DOG 11/05/2020)  
O Vicerreitor de Investigación e Innovación,  
Vicente Pérez Muñuzuri  
(documento asinado electrónicamente)

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: VICENTE PEREZ MUÑUZURI, NIF 33267295A, 22/05/2020 13:03:47.

CSV: E81F-E269-4981-8B1F